



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E TRES DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000010

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta e cinco minutos, do día vinte e tres de marzo de dous mil vinte e tres, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 147 de data 15 de marzo/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández. Non asiste e excusa a súa asistencia don Alejandro Antonio García Sousa Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria e inclúense asuntos Fóra da Orde do Día.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 16. 03.23 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 16.03.23 queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistente á mesma).

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS 9/2023.-

A secretaria presenta as facturas a aprobar, a proposta de acordo con respecto a este punto que de seguido se transcribe e o informe de intervención con reparo suspensivo levantado pola alcaldía, documentos que constan asinados no correspondente expediente (2023/X999/000033).

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2023/9 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 10 facturas ascende á cantidade de CENTO VINTE E CATRO MIL SEISCENTOS DEZAOITO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (124.618,89 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2023/9 por importe bruto de 124.618,89 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente)”

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

3º.-APROBACIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDA DE CARÁCTER SOCIAL PARA SUFRAGIO PARCIAL DE GASTO, DERIVADO DE PROCESO DE DECESO DE PERSOA USUARIA.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA AXUDA DE CARACTER SOCIAL PARA SITUACION DE NECESIDADE SOBREVIDA

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de aprobación da axuda de carácter social de Dº J.V.N.B. visto o informe de intervención do 15/03/2023 de existencia de crédito e visto o informe técnico da traballadora social Paula Fernández Dopazo, que se transcribe a continuación:

INFORME - PROPOSTA PARA AXUDA DE CARACTER SOCIAL PARA SITUACIÓN DE NECESIDADE SOBREVIDA

Paula Fernández Dopazo (Colex. 2116), Traballadora Social do Concello de Valdoviño, en relación a persoa usuaria **J.V.N.B.**

INFORMO

1. Que o departamento de servizos sociais estivo a intervir coa persoa arriba indicada, de 89 anos de idade, dende setembro do ano 2019, por diversas circunstancias vinculadas a aspectos sociais e de dependencia.
2. A persoa, sen rede familiar de apoio e cunha situación económica deficitaria, ingresa en residencia de persoas maiores a través dunha praza pública vinculada a unha situación de emerxencia social, en data de 07 de setembro de 2022. A permanencia no entorno habitual de convivencia non se podía manter por máis tempo xa que, ao carecer de rede de apoio, o servizo de axuda no fogar do que era beneficiario era absolutamente insuficiente para a correcta cobertura das necesidades básicas de atención.
3. O outorgamento de prazas públicas residenciais para persoas maiores/dependentes, vinculadas a unha situación de emerxencia social, é un procedemento extraordinario de adxudicación por parte da Administración Autonómica para casos predeterminados pola normativa nos que concorren circunstancias sociais, económicas e de saúde que fundamentan esa emerxencia.
4. A persoa é pensionista en réxime contributivo pero cunha pensión mínima de

580,16 euros/mes en 14 pagas (676,85 euros/mes en total). Os gastos correntes mensuais da persoa non deixaban marxe para unha capacidade de aforro adecuada (gastos da vivenda, suministros básicos, consumo telefónico, impostos correntes, tratamentos médicos, etc.).

5. Cando ingresa na residencia de persoas maiores, a pesares de tratarse dunha praza pública, correspóndelle un copagamento de 471,91 euros/mes polo que a súa capacidade de aforro segue a ser moi deficitaria.
6. En data de 13.03.2023 comunican dende o Complexo Hospitalario de Ferrol que J.V.N.B. falece en data de 11.03.2023 tras pasar varios días ingresado cun pronóstico vital de gravidade.
7. A persoa carece de seguro de defunción ao cal vincular os gastos, e os ingresos económicos dos que dispón non son suficientes para cubrir o 100% do custo. Así mesmo, carece de familiares que asuman a totalidade ou parte do orzamento do gasto.
8. O orzamento do gasto é de 1.900 euros (ive engadido) para unha incineración básica. Tendo en conta a información facilitada pola entidade bancaria da persoa relativa ao seu saldo bancario e cos gastos/ingresos que a este departamento lle constan que se lle van a aplicar no tempo correspondente do mes de marzo, o importe resultante é insuficiente para que él poida asumir a totalidade. A persoa pode asumir o 75% do custo, é dicir, pode asumir a cantidade de 1.425 euros.

PROPOÑO

Que o Concello de Valdoviño realice o pago da porcentaxe restante do 25%, por un total de **475 euros (ive engadido) do proceso de deceso de J.V.N.B. a favor da entidade que o realiza: Souto y Pantín S.L. (B15289667) logo da presentación da factura correspondente**

*Que se realice a retención de crédito correspondente por importe total de 475 euros (IVE engadido).

O que asino para que conste, en valdoviño, na data indicada á marxe.

Paula Fernández Dopazo
Traballadora social

PROPOÑO:

Á Xunta de Goberno Local a aprobación da concesión da axuda de carácter social de D^o J.V.N.B. por importe de 475 euros (IVE engadido) para sufragar parte do gasto derivado do proceso de deceso da persoa.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde Alberto González Fernández na data indicada á marxe.”

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

4º.-ACORDO DE PRÓRROGA DE MODIFICACIÓN DE VIXENCIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O CONCELLO DE CERDIDO EN MATERIA DE PERSOAL.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Vista a resolución de Alcaldía Presidencia núm. 53/2023 do Concello de Cerdido remitida a o Concello de Valdoviño en data 21 de marzo do 2023 en referencia Convenios de Colaboración asinados entre o Concello de Cerdido e o Concello de Valdoviño para establecer a forma e condicións de colaboración entre as entidades locais en materia de persoal que afectan aos funcionarios N [REDACTED] e [REDACTED]

Tendo en consideración que as causas que motivaron os correspondentes acordos persisten na actualidade e o Concello de Cerdido se compromete a aboar o maior custo de Seguridade Social que soporta o Concello de Valdoviño polo incremento de retribucións do persoal afectado polos referidos Convenios de Colaboración entre as entidades locais en materia de persoal.

Conforme o artigo 209 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, esta Alcaldía PROPÓN a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Prorrogar e modificar o Convenio de Colaboración asinado entre o Concello de Cerdido e o Concello de Valdoviño o 21 de outubro do 2021 en materia de persoal administrativo que afecta a funcionaria [REDACTED] para desenvolver as funcións de xeito temporal polo prazo máximo de tres meses.

A prorroga do referido Convenio perderá a súa vixencia previa comunicación a outra parte cunha antelación mínima de 2 días hábiles, se así o manifesta expresamente o Concello de Cerdido, o Concello de Valdoviño ou a funcionaria designada.

Segundo.- Prorrogar e modificar a vixencia do Convenio de Colaboración asinado entre o Concello de Cerdido e o Concello de Valdoviño o 19 de maio do 2022 en materia de persoal auxiliar administrativo que afecta ao funcionario [REDACTED] para desenvolver as funcións de xeito temporal polo prazo máximo de tres meses.

O referido Convenio perderá a súa vixencia previa comunicación a outra parte cunha antelación mínima de 2 días hábiles, se así o manifesta expresamente o Concello de Cerdido, o Concello de Valdoviño ou o funcionario designado.

Terceiro.- Dar conta aos servizos económicos municipais aos efectos oportunos.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao Concello de Cerdido para o seu coñecemento e alcance.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada á marxe.

-

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

5º.-ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR SERVIZO ACCIÓNS DE ACOMPAÑAMENTO E ASESORAMENTO DE PROCESO DE SEPARACIÓN E RECICLAXE EN ORIXE DE BIORRESIDUOS MEDIANTE COMPOSTAXE DOMÉSTICA.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA:

“Asunto: Adxudicación contrato menor de servizo consistente en accións de acompañamento e asesoramento para o proxecto de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica (compostaxe in situ) ao abeiro das axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. LIÑA 2.

Expediente: 2023/C002/000003

De conforme co artigo 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local a entidade local deberá prestar o *servizo de recollida de residuos*, transporte e tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos ofertados no Concello de Valdoviño tendo en consideración o disposto no artigo 22 da Directiva 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello do 30 de maio do 2018 pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre a separación e reciclaxe de residuos en orixe ou ben recollida de forma separada a máis tardar o 31 de decembro de 2023, o que coincide co disposto na Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

Ao abeiro das *axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea Next Generation EU* o Concello de Valdoviño impulsará a xestión e recollida separada en orixe de residuos domésticos potenciando a prevención e valorización dos biorresiduos.

Vista a Resolución das Axudas convocadas ao abeiro da *Orde do 30 de novembro do 2021 pola que se establecen as Bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea Next Generation EU*, o Concello de Valdoviño resultou beneficiario de dita subvención tanto na Liña 1 como Liña 2.

A convocatoria, en rexime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto, efectuouse para os anos 2022 e 2023.

Estando interesada esta entidade local na **contratación do servizo de accións de acompañamento e asesoramento para o proxecto de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica (compostaxe in situ) ao abeiro das axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. LIÑA 2**, para a anualidade 2023, cuxo **valor estimado é inferior a 15.000 euros**, foron solicitadas tres ofertas ás empresas que a continuación se relacionan:

- **ABERTAL NETWORKINGS S.L.** con C.I.F. núm. B15864457, presenta oferta económica o 01-02-2023, (nº rex entrada 202399900000161) por importe de **3.570,00€** (4.319,70 € IVE engadido).

- **ARTELLAR 2000S.L.U.**, con C.I.F. núm. B70239769, presenta oferta económica o 06-02-2023 (nº rex entrada (202399900000197) por importe de **3.640,00 €** (4.404,40€ IVE engadido).

- **ATLANTIC PONTE 2000 S.L.** con C.I.F. núm F.:B70232012 presenta oferta económica o 06-02-2023) (nº rex entrada 202399900000191) por importe de **3.640,00 €** (4.404,40€ IVE engadido).

Considerando o disposto no artigo 118 da LCSP, e sen prexuízo do disposto no artigo 229, os contratos de servizos cun valor estimado inferior a 15.000 euros se considerarán contrato menor. A contratación que se propón non altera o obxecto contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no apartado 1 do artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A Tramitación se levará a cabo segundo o previsto no artigo 118.

O órgano competente para a contratación, corresponderá á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía (decreto nº 229/2019, de 25 de xuño de 2019) para as contratacións de toda clase cuxo importe supere os 3.0005,06 euros.

Consta na contabilidade do orzamento de gastos do Concello de Valdoviño a retención de crédito con documento número **22023000056 e 22023000320** por importe de **3.640,00 euros e 764,40 euros** con cargo á aplicación **1621.22799**.

Conforme ao disposto no artigo 118 en relación ca Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e atribucións conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Adxudicar á empresa **ABERTAL NETWORKINGS S.L.** con C.I.F. núm. B15864457, **o contrato menor do servizo de accións de acompañamento e asesoramento para o proxecto de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica (compostaxe in situ)** no Concello de Valdoviño, por ser a mellor oferta para os intereses do Concello de Valdoviño en función da relación calidade- prezo formulada por importe de **3.570,00€** (4.319,70 € IVE engadido), fronte aos **3.640,00 €** (4.404,40€ IVE engadido) ofertados por **ARTELLAR 2000S.L.U** e **ATLANTIC PONTE 2000 S.L.**

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente á execución do **servizo de accións de acompañamento e asesoramento para o proxecto de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a compostaxe domestica** no Concello de Valdoviño, a adxudicar mediante contrato menor con cargo á aplicación orzamentaria **1621 22799** do Orzamento municipal, de acordo co establecido no artigo 185 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Terceiro.- Conforme o artigo 118.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014, o contrato menor do servizo de **servizo de accións de acompañamento e asesoramento para o proxecto de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a compostaxe domestica** no Concello de Valdoviño, será publicado na forma prevista no

artigo 63.4 para facer constar o obxecto, importe de adxudicación con IVE engadido e identidade do adxudicatario.

Cuarto.- Notificar ao adxudicatario **ABERTAL NETWORKS, S.L con C.I.F. núm.B15864457** o presente acordo, con indicación dos recursos que procedan ao respecto.

Documento asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde na data indicada á marxe.”

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

6º.-ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE 70 COMPOSTEIROS DE PLÁSTICO RECICLADO DE 400 LITROS E 70 KITS DE AIREADOS E REIXA.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA- PRESIDENCIA:

“**Asunto:** Adxudicación de contrato menor de suministro de 70 composteiros de plástico reciclado de 400 litros e 70 kits de aireados e reixa ao abeiro das axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. LIÑA 2.

Expediente: 2023/C002/000002

Conforme o artigo 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local a entidade local deberá prestar o *servizo de recollida de residuos*, transporte e tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos ofertados no Concello de Valdoviño tendo en consideración o disposto no artigo 22 da Directiva 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello do 30 de maio do 2018 pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre a separación e reciclaxe de residuos en orixe ou ben recollida de forma separada a máis tardar o 31 de decembro de 2023, o que coincide co disposto na Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

Ao abeiro das *axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea Next Generation EU* o Concello de Valdoviño impulsará a xestión e recollida separada en orixe de residuos domésticos potenciando a prevención e valorización dos biorresiduos.

Vista a Resolución das Axudas convocadas ao abeiro da *Orde do 30 de novembro do 2021 pola que se establecen as Bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea Next Generation EU*, o Concello de Valdoviño resultou beneficiario de dita subvención tanto na Liña 1 como Liña 2.

A convocatoria, en rexime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto, efectuouse para os anos 2022 e 2023.

Estando interesada esta entidade local na **contratación do suministro de 70 composteiros de plástico reciclado de 400 litros e 70 kits de aireados e reixa** para a anualidade 2023, cuxo **valor estimado é inferior a 15.000 euros**, foron solicitadas tres ofertas ás empresas que a continuación se relacionan:

- **VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE S.L** con C.I.F. núm. B71066153, presenta oferta económica o 01-02-2023, (nº rex entrada 202399900000162) por importe de **6.580,00€** (7.961.80 € IVE engadido).

- **ALARICANA DE OBRAS E CONSTRUCCIÓN S.L.**, con C.I.F. núm. B32331258, presenta oferta económica o 01-02-2023 (nº rex entrada (202399900000172) por importe de **7.210,00 €** (8.724,10€ IVE engadido).

- **TALLERES ARMENDARIZ.** con C.I.F. núm F.:B71366066 presenta oferta económica o 01-02-2023) (nº rex entrada 202399900000168) por importe de **7.210,00 €** (8.724.10 CON IVE)

Considerando o disposto no artigo 118 da LCSP, os contratos de servizos, e sen prexuízo do disposto no artigo 229, cun valor estimado inferior a 15.000 euros se considerarán contrato menor. A contratación que se propón non altera o obxecto contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no apartado 1 do artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A Tramitación se levará a cabo segundo o previsto no artigo 118.

O órgano competente para a contratación, corresponderá á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía (decreto nº 229/2019, de 25 de xuño de 2019) para as contratacións de toda clase cuxo importe supere o 3.0005,06 euros.

Consta na contabilidade do orzamento de gastos do Concello de Valdoviño a retención de crédito con **número 22023000057 e 22023000318** por importe de **7.210,0 euros e 1514,10 euros** con cargo á aplicación **1621.62500**.

Conforme ao disposto no artigo 118 en relación ca Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e atribucións conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Adxudicar á empresa **VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE S.L** con C.I.F. núm. B71066153, o contrato menor do **suministro de 70 composteiros de plástico reciclado de 400 litros e 70 kits de aireados e reixa**, por ser a mellor oferta para os intereses do Concello de Valdoviño en función da relación calidade- prezo formulada e cuxo orzamento ascende a por importe de **6.580,00€** (7.961.80 € IVE engadido) fronte aos **7.210,00 €** (8.724,10€ IVE engadido) ofertados por **ALARICANA DE OBRAS E CONSTRUCCIÓN S.L** e **TALLERES ARMENDARIZ**.

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente ao **suministro de 70 composteiros de plástico reciclado de 400 litros e 70 kits de aireados e reixa**, a adxudicar mediante contrato menor con cargo á aplicación orzamentaria 1621.62500 do Orzamento municipal, de acordo co establecido no artigo 185 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Terceiro.- Conforme o artigo 118.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014,

o contrato menor de suministro **de 70 composteiros de plástico reciclado de 400 litros e 70 kits de aireados e reixa** será publicado na forma prevista no artigo 63.4 para facer constar o obxecto, importe de adxudicación con IVE engadido e identidade do adxudicatario.

Cuarto.- Notificar ao adxudicatario **VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE S.L** con C.I.F. núm. B71066153, o presente acordo, con indicación dos recursos que procedan ao respecto.

Documento asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde na data indicada á marxe.”

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

7º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “REPARACIÓN DE ESTRADAS EN XAVARIZ, VILLARRUBE, AVIÑO E OUTROS”.-

Proposta de Alcaldía:

“A Xunta de Goberno Local en sesión de 23.02.23, adoptara o acordo seguinte:

“Expediente. 2022/C003/000002

Constando acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de 26.01.23, do texto literal seguinte:

“Proposta de Alcaldía:

CONSIDERANDO a tramitación do expediente citado, da que se desprenden os seguintes antecedentes xerais:

A citada obra está incluída no POS+2022 da Deputación Provincial da Coruña; Proxecto redatado por Miguel A. Fernández Rivera, enxeñeiro de camiños, canais e portos, N° Col. 27.796

Financiamento:

Deputación .- 201.505,60€

Concello: 18.079,68€

Total proxecto sen IVE.- 181.475,44€

IVE.- 38.109,84€

Total proxecto .- 219.585,28 euros

Notificación de levantamento da condición existente e de que se aproba de xeito definitivo o investimento pola Deputación Provincial da Coruña,

Acordase a aprobación de expte contratación e comezo de adxudicación (procedemento aberto, único criterio valoración factor prezo, tramitación ordinaria), en Xunta de Goberno Local do 13.10.22.

Anuncio no perfil do Contratante (PCSP) o 26.10.22; aperturados os sobres da documentación administrativa (A) por Mesa de Contratación en sesión de 01.12.2022; presentándose catro empresas licitadoras, admitidas tres e requireselle a unha documentación e tras subsanar resultan todas elas admitidas.

Aperturado o sobre de Oferta económica (C), en sesión de 21.12.2022; comprobase que as ofertas se axustan ao modelo e ofrecense os seguintes prezos que se reproducen, así como o resolto pola Mesa de Contratación:

“.....

NIF: B15122104 EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.

Ofrece o seguinte prezo:

- a) Prezo sen IVE.- 179.025,52 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe: 37.595,36 euros.
- c) Total (A+B).- 216.620,88 euros

NIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.

Ofrece o seguinte prezo:

- a) Prezo sen IVE.- 170.239,67 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe: 37.750,33 euros.
- c) Total (A+B).- 205.990,00 euros

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.

- a) Prezo sen IVE.- 174.500 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe: 36.645,00 euros.
- c) Total (A+B).- 211.145,00 euros

NIF: B15938780 SYR-AMG, S.L.

- a) Prezo sen IVE.- 177.755,11 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe: 37.328,57 euros.
- c) Total (A+B).- 215.083,68 euros

2.- Valoración criterios evaluables automáticamente: 2022/C003/000002 - Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros.

Efectuase dita valoración co Programa de Valoración de ofertas económicas da Deputación da Coruña, tomando coma referencia o prezo sen IVE: 181.475,44€, resultando:

NIF: B15122104 EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.:

100%factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 179.025,52 euros.- Baixa (%).- 1,35. –
Puntuación.- 6,30

NIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.:

100%factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 170.239,67 euros.- Baixa (%).- 6,19.-
TEMERARIA.- Puntuación.- 28,89

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.:

100%factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 174.500,00 euros.- Baixa (%).- 3,84
Puntuación.- 17,92

NIF: B15938780 SYR-AMG, S.L.:

100%factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 177.755,1 euros.- Baixa (%).- 2,05
Puntuación.- 9,57

De conformidade co punto 15.4 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación por procedemento aberto cun único criterio de adxudicación- factor- prezo- das obras comprendidas nos plans provinciais (Ofertas anormalmente baixas) e de conformidade co artigo 149.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP):

“ Cuando la mesa de contratación, o en su defecto el órgano de contratación hubiere identificado una o varias ofertas incursas en presunción de anormalidad, deberá requerir al licitador o licitadores que las hubieren presentado dándoles plazo suficiente para que justifiquen y desglosen razonada y detalladamente el bajo nivel de los precios, o de costes, o cualquier otro parámetro en base al cual se haya definido la anormalidad de la oferta, mediante la presentación de aquella información y documentos que resulten pertinentes a estos efectos”.

A Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes **ACORDA:**

1º.- REQUERIR á empresa NIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L. para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende o percibo da notificación, xustifique a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación. A documentación será presentada no rexistro municipal, asinada.

2º.- A documentación xustificativa realizada polo licitado incurso en baixa, será remitida a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe sobre xustificación ou non da baixa anormal”.

Efectuado o requerimento á empresa Excavaciones Saavedra y López, S.L presenta en data 9.01.23 a documentación xustificativa da baixa: documentación que en data 9.01.23 se traslada ao técnico municipal para informe, quen o emite e presenta en data 17.01.23, no que di :

“ ...

IV. A empresa EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ SL, presentou unha memoria xustificativa o día **09.01.2023** (núm. rex. **20239990000021**), **axustada** ao contido fixado no artigo 15.4.4 mencionado anteriormente. A continuación faise un resumo da documentación presentada, seguindo a orde de contidos establecido nos propios pregos:

1. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS OFERTADOS:

Faise unha relación de factores favorables tidos en conta pola empresa á hora de realizar a oferta no apartado 1 da memoria, como son:

- Experiencia en obra civil dende mais de 25 anos e proximidade das oficinas ao lugar das obras.
- Disponibilidade en propiedade de maquinaria para a realización dos traballos.
- Existencia dun equipo técnico en plantilla para a xestión da obra e de encargados con experiencia.
- Amplia carteira de provedores locais.

A. Materiais:

A.1 Compra:

- Achégase carta de compromiso de subministro para os áridos, por parte da empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CIA S.L., detallando prezos.
- Achégase carta de compromiso de subministro da tubaxe e sinais, por parte da empresa SUMINISTROS VALDOVIÑO S.L.L., detallando prezos.
- Achégase carta de compromiso de subministro de materiais por parte da empresa QUIMIASFALT S.L.L., para as emulsións asfálticas, detallando prezos.
- Achégase cadro de prezos descompostos das unidades de obra.

A.2. Medios propios e/ou materiais de produción propia: Non se indican materiais de produción propia.

B. Maquinaria:

B.1 Aluguer:

- Indícase que non se alugará maquinaria por ter un parque propio.

B.2 Medios propios: Incorporárase a relación detallada dos vehículos e maquinaria da empresa. Informando que toda ela se atopa amortizada. Achégase cadro de prezos da maquinaria.

C. Oferta detallada por unidades de obra:

Achégase oferta económica das unidades de obra detallada por capítulos, sendo as únicas baixas ofertadas as correspondentes aos porcentaxes aplicados dos gastos xerais (**13 % no proxecto e 6% na oferta**) e no beneficio industrial (**6 % no proxecto e 5,63% na oferta**). Mantense o prezo da ma de obra fixada do prego.

2. VOLUME DE OBRA EN RELACIÓN COS MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS:

Non se indica a incidencia nos prezos ofertados, da relación existente entre as obras contratadas e os medios persoais e materiais. Porén achégase o volume de obra executado nos exercicios dende o 2017 ao 2021, a relación de obras (co seu importe) que a empresa está executando actualmente e que executará nun futuro, e o número total de traballadores do plantel.

3. RELACIÓN ENTRE CUSTOS LABORAIS FIXOS E VOLUME DE OBRA CONTRATADA:

- Achégase certificado da empresa indicando os custes laborais fixos, o número total de traballadores e os traballadores adscritos á obra.
- Achégase relación nominal de traballadores emitida pola Tesorería General de la Seguridad Social.
- Achégase recibo de liquidación de cotizacións emitido pola Tesorería General de la Seguridad Social.

4. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SALARIAIS:

- Achégase declaración da empresa sobre o cumprimento das obrigas salariais con respecto aos traballadores adscritos á execución do contrato, asinado tamén polo representante sindical dos traballores.

5. RELACIÓN DE SUBCONTRATOS:

Achégase declaración da empresa, sobre a non intención de subcontratar ningunha unidade de obra.

V. Como conclusión a todo o anterior, o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ OBRAS SL, queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada”

En data 23.01.23, a Mesa de Contratación celebra sesión na que tras tomar coñecemento do informe técnico municipal referido á xustificación da oferta económica presentada pola empresa Excavaciones Saavedra y López, **RESOLVE:**

Primeiro.- FORMULAR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN do contrato de obra: Reparación de Estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros a favor da empresa EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, SL, NIF 15164106; motivado en que se considera xustificada a baixa temeraria conforme ao informe técnico emitido ao respecto e que dita empresa é a máis vantaxosa economicamente (factor prezo único criterio de valoración); previa presentación polo licitador da documentación para serlle adxudicado o contrato.

Segundo.- Elevar dita proposta ante a Xunta de Goberno Local, coma órgano de contratación neste procedemento.

En base aos antecedentes expostos, esta Alcaldía, **PROPÓN á Xunta de Goberno Local**, a adopción dos seguintes **acordos**:

PRIMEIRO.- Ratificar e declarar válidas as actuacións levadas a cabo no procedemento, aceptando a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación Permanente de Obras en sesión do 23.01.23.

SEGUNDO.- De conformidade co estipulado no punto 16.- Adxudicación, en concreto 16.1.- Requerimento de documentación ao licitador que presentara a mellor oferta do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, **REQUERIR ao licitador EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L NIF B15164106** para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, PRESENTE a documentación sinalada no dito punto 16.1 do citado prego; incluído o documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe do prezo final do contrato, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da LCSP.

De non atenderse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirará a súa oferta, continuándose cos trámites que procedan.

TERCEIRO.- Notifíquese dito acordo”

NOTIFICADO O ANTERIOR ACORDO, en data 08.02.23, rexistro entrada 20239990000213, Excavaciones Saavedra y López, S.L presenta documentación previa á adxudicación.

Verificado que consta informe acreditativo de que dita empresa posúe débedas con esta entidade local; débedas que non están aprazadas, fraccionadas ou suspendidas con ocasión da súa impugnación.

Visto o estipulado no prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación, Visto o artigo 71.d) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e o artigo segundo o cal **estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social é un requisito necesario para poder ser adxudicatario nos contratos administrativos** e que debe entenderse que se trata de obrigas tributarias con calesquera Administracións Públicas.

Visto o artigo 39.2 da LCSP indicativo de que un contrato adxudicado que ostenta débedas tributarias coa propia administración sería unha adxudicación de contrato nulo de Pleno dereito.

Visto que o artigo 150 da LCSP que indica que nestes casos procederase a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte por orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Consta presentada por Excavaciones Saavedra y López, garantía definitiva por importe de 8.511,98 euros.

A Xunta de Goberno Local, na presente sesión de 23.02.23, analizados os antecedentes expostos, ACORDA:

PRIMEIRO.- A NON ADXUDICACIÓN do contrato de obra “Reparaciones de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros” ao en principio proposto licitador EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L, por posuir débedas con esta entidade local, segundo informe que consta incorporado no expediente e tendo en conta a normativa ao respecto.

SEGUNDO.- Procedase a devolución da garantía depositada polo importe de 8.511,98€ a EXCAVACIONES SAAVEDRA; dando traslado do dito acordo para estes efectos á tesoureiría municipal.

TERCEIRO.- REQUERIR do seguinte licitador con oferta máis vantaxosa: **NIF: 15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.** de conformidade co estipulado

no punto 16.- Adjudicación, en concreto 16.1.- Requerimento de documentación ao licitador que presentara a mellor oferta do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada no dito punto 16.1 do citado prego; incluído o documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe do prezo final do contrato, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da LCSP.

De non atenderse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirará a súa oferta, continuándose cos trámites que procedan.

CUARTO.- Notifíquese o presente acordo ás citadas empresas”.

REQUERIDO o licitador **JOSÉ O MANTIÑÁN E HIJOS, CONSTRUCCIONES S.A**, na data do 3.03.23, con rexistro de entrada 683 presenta aval bancario, por importe de 8.725,00 euros, correspondente ao 5% do importe do prezo ofertado, excluído IVE.

Na data do 13.03.23 (rexistro entrada 202399900000416) presenta a documentación previa para que lle sexa adjudicado o contrato, atopándose completa e correcta.

Constatase a existencia no expediente dos informes acreditativos de que dita empresa non posúe débedas con este Concello.

Consta emitido en data 22.03.23 informe de fiscalización da interventora municipal (Referencia nº EMP 32/2023),

Visto o exposto, esta Alcaldía, **PROPÓN** a **Xunta de Goberno Local**, adoptar os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Adjudicar á empresa **JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, CONSTRUCCIONES S.A NIF A15013162** as obras contidas no proxecto: “Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e outros”

Prezo sen IVE: 174.500 €

Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe: 36.645,00 €

Prezo total.- 211.145,00 €

Cun prazo de execución de 5 MESES.

Taxas do contrato: Conforme á ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa pola prestación de servizos, inspección e dirección de obras, realizados por técnicos competentes.

Dirección e inspección de obra: 3% do presuposto de execución material.

Coordinación de seguridade e saúde.- 1% do presuposto de execución material.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente, dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria 453 61900.

TERCEIRO.- Nomease como Diretor da Obra ao redator do proxecto, Miguel Angel Fernández Rivera, enxeñeiro de camiños, canais e portos, colexiado número 27.796.

Dito técnico levará a cabo a Coordinación de Seguridade e Saúde da obra a executar.

En data 12.01.2023 co núm. de rexistro de entrada 20239990000042 apórtase ao expediente a seguinte documentación:

- Nomeamento de arquitecto técnico como director de execución da obra, visado polo correspondente colexio profesional o 11/01/2023.
- Nomeamento de coordinador de seguridade e saúde visado o 29/11/2022.
- Estudo básico de seguridade e saúde visado o 29/11/2022.

En data 18/01/2023 e rexistro xeral de entrada nº. 202399900000078, achégase ao expediente Proxecto de Execución, visado polo correspondente colexio profesional o 18/01/2023.

O proxecto de execución achegado non presenta diferenzas con respecto ao proxecto básico xa informado e que obtivo licenza municipal de obras.

En data 02/02/2023 e rexistro xeral de entrada nº. 202399900000181, achégase ao expediente a seguinte documentación visada o 19/01/2023:

- Cumprimento REBT.
- Cumprimento RD 1627/97.
- Certificación de eficiencia enerxética.

Visto que a documentación que se aportou ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 22 de marzo de 2023 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Dar por válida a documentación técnica achegada en data 12.01.2023, rexistro de entrada 202399900000042, a presentada o 18.01.2023 co rexistro de entrada 202399900000078, e asemade a rexistrada o 02.02.2023 con nº de rexistro de entrada 202399900000181; podendo dar comezo ás obras incluídas na licenza correspondente ao expediente 58/2021.

Segundo.- Considerando que o orzamento de execución material de referencia (PEMR) reflexado no proxecto de execución e o orzamento de execución material da obra (PEM) non varía, non hai variación na liquidación practicada no acordo de concesión da licenza de data 09.06.2022.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo.”

En Valdoviño, na data da sinatura á marxe,
O Alcalde, Alberto González Fernández”.

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

2.- Prórroga de licenza en expte de obra maior.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Nº Expediente: 173/2019

Asunto: Prórroga de Licenza

Visto acordo da Xunta de Goberno Local de data 12/02/2020 polo que se concedeu a a [REDACTED] licenza para as obras de contrucción de vivenda unifamiliar no [REDACTED] parroquia de Lago, que se corresponde coa referencia catastral [REDACTED] (expediente 173/2019). Outorgouse un prazo de 36 meses para a execución das mesmas, sendolle notificado o acordo ao interesado en data 6/03/2020.

Visto escrito presentado por [REDACTED] o 18/03/2022, no que solicita unha prórroga da licenza para finalizar as obras de construcción anteditas.

Considerando que a día de hoxe non variaron as condicións urbanísticas contidas nas vixentes Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal, que serviron de base para o outorgamento da referida licenza de obras.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 21 de marzo de 2023 no que conclúe: “Esta prórroga non poderá superar o prazo inicialmente acordado para o remate das obras, que era de trinta e seis meses”.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a prórroga de licenza de obras para a construcción de vivenda unifamiliar, sita no [REDACTED] parroquia de Lago, que se corresponde coa referencia catastral [REDACTED] (expediente 173/2019). Esta prórroga non poderá superar o prazo inicialmente acordado para o remate das obras, que era de trinta e seis meses.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 4,81 €.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes co recurso que proceda.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos

En Valdoviño, na data da sinatura á marxe,
O Sr. Alcalde Alberto González Fernández na data á marxe”.

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

- AUTORIZACIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO A LICENZA DE TAXI Nº 8; INSTADA POR ANTONIO CASTRO PADIN.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

Vista a proposta da Alcaldía do Concello de Valdoviño de data 18 de febreiro de 2022 do seguinte teor literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA para AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO A LICENCIA DE TAXI N.º 8.

Tendo coñecemento da solicitude con número de rexistro de entrada 20239990000195 formulada por [REDACTED] con D.N.I. núm. [REDACTED] en data 6 de febreiro do 2023 referente á substitución do vehículo asociado a licenza de taxi n.º 8 do Concello de Valdoviño.

Visto que o vehículo Peugeot con número de matrícula [REDACTED] asociado a licenza de taxi n.º 8 pretende ser substituído por outro vehículo de mellores características co número de bastidor [REDACTED] matrícula [REDACTED] e modelo MERCEDES BENZ.

Conforme o disposto no artigo 26 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia.

1. Os vehículos que figuren identificados, aos que se adscriban as licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi para o exercicio da actividade, poderán ser substituídos por outros, previa autorización do ente concedente, sempre que o vehículo que substitúa ao anterior fose máis novo e reunise as condicións esixidas para a prestación do servizo.

2. Desenvolverase regulamentariamente o procedemento para autorizar a substitución de vehículos e tamén para unha adscripción temporal no suposto de avaría ou inutilización por un período de tempo determinado.

En virtude do enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Iniciar a tramitación administrativa para a autorizar a substitución de vehículo adscrito a licenza n.º 8 do Concello de Valdoviño.

Segundo.- Dar traslado da presente proposta á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia aos efectos da emisión de informe preceptivo e vinculante, de acordo co disposto no artigo 3.1 c) da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia.

/Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe/”

Recibido neste Concello, en data 22 de marzo de 2023, Informe favorable emitido pola Consellería de Infraestructuras e Mobilidade, Xefatura Territorial da Coruña, Servizo de

Mobilidade, sobre a solicitude de autorización de substitución de vehículo na Licenza municipal nº 8 e Autorización VT-N presentada por [REDACTED]

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Autoriza-la substitución de vehículo taxi e Autorización VT-N a Don [REDACTED] dando as oportunas instrucións para incorporar dita modificación á Licenza nº 8 que ten outorgada a titular.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia a través da aplicación R-taxi.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE/

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e dez minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/